

anual autorizado.

2. As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar, previamente, a correspondente licenza e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano ou croquis detallado da superficie que se pretende ocupar e de situación dentro do municipio.

3. Os servizos técnicos deste Concello de Guitiriz poderán comprobar e investigar as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferenzas coas peticións de licenzas; se se deran diferenzas, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4. No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

5. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentras non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente a baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, no caso de falecemento.

6. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do periodo natural do tempo seguinte sinalado no epígrafe da Tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obrigación de continuar aboando a taxa.

7. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

Artigo 5. Devengo.

1. A obriga de pago da taxa nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas, o día primeiro do periodo natural sinalado nas tarifas.

2. O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de autorizacións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería municipal, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas, unha vez incluídas nos padróns ou matriculas desta taxa, por anos naturais, nas oficinas da Recaudación Municipal, dende o día 16 do mes de xaneiro ata o día 15 do mes de febreiro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. No non previsto na presente Ordenanza será de aplicación o previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, na Lei Xeral

Tributaria e demais disposicións sobre a materia.

2. As anteriores tarifas serán incrementadas anualmente no IPC.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partires da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior ( N° 16: Ordenanza reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente Ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

ORDENANZA FISCAL N°12

TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE.

ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello de Guitiriz establece a TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 57 do devandito R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial das vías municipais, nos casos seguintes:

a) Entradas de vehículos en edificios, solares, fábricas, talleres e, en xeral, en inmobles de calquera destino, feita a través de terreos destinados ó uso público, xa teñan licenza de paso permanente, laboral ou nocturno.

b) Reservas permanentes para actividades distintas do acceso a inmobles.

c) Reservas de carácter temporal para diversas actividades de comercio, servizos e subministros.

d) A reposición de sinais obrigatorios indicadores do aproveitamento.

ARTIGO 3. Suxeitos pasivos.

1.-Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 23 do R.D.Legislativo

2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que utilicen ou aproveiten as entradas ou reservas.

Cando se solicite licenza para a utilización ou aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente. Se o aproveitamento se realizara sen obter licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o propietario do inmovible ou da empresa que utilizara a entrada ou reserva.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, os propietarios das fincas e locais a que dean acceso ditas entradas de vehículos, os que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### ARTIGO 4. Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003.

#### ARTIGO 5. Base Imponible.

Tomarase como base para determinar a cota tributaria da presente taxa:

a) Nas entradas ou paso de carruaxes de vehículos, o número de prazas de garaxe, a superficie do local, e os metros lineais de demanio público reservados.

b) Ademais, nas reservas temporais, terase en conta a duración e o tipo de uso.

c) Na obtención de sinais, o titular do aproveitamento.

#### ARTIGO 6. Cota tributaria

1. A contía da taxa determinarase consonte ás seguintes tarifas:

A) Entrada de vehículos a través de beirarruas ou de terreos de uso público:

1.-Reserva especial da vía pública para entrada de vehículos a garaxes particulares de vivendas ou de comunidades de propietarios, terreos, e recintos particulares, para o uso exclusivo das vivendas. A tarifa resulta da seguinte combinación:

Por cada metro lineal ou fracción de terreo de uso público ó ano: 12 euros

Por cada praza ó ano: 6 euros

- Reserva especial da vía pública para entrada de vehículos a garaxes públicos

Por cada metro lineal ou fracción de terreo de uso público ó ano: 20 euros

Por cada praza ó ano: 6 euros

Os efectos anteriores, considerase como superficie media de cada praza 20 m<sup>2</sup>

2.- Reserva especial da vía pública para entrada de vehículos a establecementos comerciais, industriais ou de servizos. Entrada, carga e descarga de toda clase de mercancías, exposición, venta, reparación e mantemento de vehículos en horario laboral ou comercial (de 8:00 a 20:00 horas):

Locais de ata 100 m<sup>2</sup> : 100 euros

Locais de 100 m<sup>2</sup> a 250 m<sup>2</sup>: 150 euros

Locais de 251 m<sup>2</sup> a 500 m<sup>2</sup>: 200 euros

Locais de máis de 500 m<sup>2</sup>: 250 euros

Como dato común ós epígrafes anteriores terase en conta:

- Que a reserva especial da vía pública para entrada de vehículos será nos supostos normais de 3 metros lineais.

- Que si para carga e descarga fose necesario ampliar a extensión abonarase a maiores 15 euros por metro lineal ou fracción.

Cando se produza o acceso desde unha vía pública a un grupo de fincas ou locais que comparten a mesma entrada, a lonxitude desta, ratearase entre os distintos locais en proporción á súa superficie, sen que en ningunha das fraccións que resulten poidan ser inferior a un metro, elevándose as fraccións á unidade superior.

B) Reservas para actividades distintas ó acceso a inmoables

- Reserva de espazo de carácter temporal para diversas actividades de construción, comercio, servizos e subministración:

Vehículos de hormigonado, bombeo, guindastres, expositores, contenedores ós que non sexa de aplicación outra ordenanza e aproveitamentos análogos; cota diaria por m<sup>2</sup> ou fracción, 8 euros

Mudanzas, descargas de combustibles para empresas distribuidoras e outros usos extraordinarios, por m<sup>2</sup> ou fracción, por día, 3 euros

Se a reserva anterior implica o corte dunha vía pública, ás cantidades anteriores engadiráselles:

- Con impedimento total da circulación rodada, por m<sup>2</sup> ou fracción, cada hora ou fracción: 3 euros

- Con impedimento parcial da circulación rodada, por m<sup>2</sup> ou fracción, cada hora ou fracción: 1,5 euros

Nas reservas de carácter temporal os aproveitamentos realizados por un mesmo vehículo en distintas vías ou lugares dunha mesma vía, xerarán tantas autoliquidacións como aproveitamentos en lugares distintos sexan realizados.

C) Expedición ou reposición da placa de sinalización do vao.

Os titulares afectados aboarán ademais a cantidade de (según precio real: 25 euros + IVE) por unidade, pola expedición ou reposición da placa de sinalización do vao, que anuncia a existencia dun paso destas características. Estas placas que terán o escudo de Guitiriz serán debidamente numeradas.

## ARTIGO 7. Período impositivo e Devengo.

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. Cando se trate de novas autorizacións o período impositivo iniciárase o primeiro día do trimestre natural no que se conceda a autorización.

2. A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo, agás cando se trate de novos aproveitamentos que será o primeiro día do trimestre natural no que se conceda a autorización.

As cotas serán irreductibles, sendo rateables por trimestres naturais, ademais do suposto anterior (novo aproveitamento), no caso de cese da utilización privativa ou aproveitamento especial.

3. Nas reservas temporais, a taxa devengarase no momento en que sexa autorizada a utilización privativa ou aproveitamento especial ou sexa iniciado o aproveitamento sen obter a oportuna licenza. O período impositivo será o autorizado, expresado en días.

## ARTIGO 8. Normas de xestión.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, os interesados deberán solicitar a oportuna licenza. As solicitudes conterán, en todo caso, os seguintes datos:

- Nome, apelidos e NIF, ou razón social e CIF, no seu caso, do solicitante, facendo constar o enderezo.

- Indicación da superficie e emprazamento da reserva ou aproveitamento.

No momento de solicita-la autorización para realizar os aproveitamentos previstos nesta Ordenanza, os peticionarios deberán ingresar o importe dos períodos a que se refire a petición.

Dito importe será autoliquidado polo suxeito pasivo, con expresión do artigo de suxeición e do/s concepto/s autoliquidados. Non se tramitará o expediente se non se ten efectuado o pagamento correspondente.

2. Revisada a autoliquidación, practícaranse os abonamentos ou esixíranse as diferencias que procedan, elevándose a definitiva a liquidación ata entón provisional.

3. Autorizada a utilización privativa ou aproveitamento especial, entenderase prorrogada automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado ou ben sexa declarada a súa caducidade. As baixas producirán efectos a partir do trimestre seguinte a aquel en que se solicita, que de non peticionarse seguirase devengando a taxa.

4. Tódalas autorizacións concedidas serán consignadas nun Padrón, que será elaborado anualmente. Os contribuíntes deberán ingresar o importe das cotas tributarias referidas no Padrón fiscal anual na Tesourería Municipal ou nas Entidades Financeiras colaboradoras.

5. No caso de que os interesados renuncien ó aproveitamento especial con posterioridade á autorización do mesmo, devengarase igualmente o importe das cotas que orixinaran, sendo estas rateables conforme o disposto no apartado 2 do artigo 7.

6. Os titulares serán responsables dos danos oca-

sionados nas beirarruas co motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos, polo que están obrigados a requerimento da autoridade competente. O incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos da lei de procedemento administrativo.

7. En caso do cesamento do uso especial, os titulares estarán obrigados a entregar a placa correspondente.

## ARTIGO 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As anteriores tarifas serán incrementadas anualmente no I.P.C.

## DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partires da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior (Nº 12: Ordenanza reguladora do prezo público por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calqueira clase).

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente Ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DA VÍA PÚBLICA E DEPÓSITO DOS MESMOS.

## ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Guitiriz establece a TAXA POLA RETIRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DA VÍA PÚBLICA E DEPÓSITO DOS MESMOS, a que se refire o artigo 20.4.z) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de acordo co previsto no Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, e que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 57 do devandito R. D. Lexislativo 2/2004.

## ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a prestación do servizo de recepción obligatoria de retirada, traslado e almacenamento de vehículos que se atopan na vía pública e terreos contiguos, así como a súa inmovilización, que constitúan un perigo ou perturben gravemente a circulación, así como o funcionamento dalgún servizo público.